

SITUACIÓN DO PROXECTO DE LEI BÁSICA DE BBFF

Santiago de Compostela 24/09/23

A situación actual en relación ao Proxecto de Lei Básica de BBFF, as emendas que se presentaron ao texto e todo o que implica isto?, faremos resumo do que supón e como pode chegar a afectar.

Se o texto non sufrise presentacións de emendas, ou aínda presentadas, estas fosen retiradas, saltaríamos o proceso de debate e pasaría a comisión parlamentaria, fixando unicamente unha data para levar a pleno, ser votada para a súa aceptación, e enviada de novo ao Congreso dos Deputados, onde ao ser rexistrada de novo, e ao día seguinte enviada para a súa publicación ao BOE. É dicir, non tería que pasar por pleno a votación.

Lamentablemente a día de hoxe, hai dous grupos políticos que presentaron emendas, un é o PP e o outro é BNG. Cos dous grupos tentouse negociar a súa retirada, por parte do Bloque Nacionalista Galego si obtivemos un compromiso de retirada si era o único partido, pero ao negarse o grupo popular retirar as súas emendas, estes non o fixeron tampouco. Por iso, o proceso legislativo segue adiante, sendo unha ralentización en si mesmo por dar continuidade ao proceso de debate, comisión parlamentaria, votación a pleno.... Tendo dous meses para realizar todo este proceso, é dicir, ata o **29 de outubro**.

O maior problema reside en que este tipo de emendas, entendemos que nos prexudica:

- A primeira é que consideramos que no seu conxunto non enriquecen o texto xa existente, debido a que moito dos cambios do mesmo prexudican.
- Non queda claro segundo a emenda o PP á CATEGORIZACIÓN de BBFF, ou a súa obrigatoriedade, polo que o desenvolvemento presentado, dá unha ambigüidade tal que as diferentes CCAA poidan saltarse denominar ao seu persoal.
- Nas FUNCÍONS dos BBFF, tras chegar ao consenso que vemos no Proxecto, implicou unha negociación ardua cos diferentes ministerios implicados e as CC.AA., da que se conseguiu a concreción de que as funcións “base” fosen a extinción e a vixilancia, expondo o resto das marcadas no RD 1031/2011 como complementarias, liquidando a invasión de competencias que tanto aludían ministerio e autonomías. (Comunidades que non fan prevención e non querían esas funcións ou as contingencias no medio rural e natural, que outras as queren...) Pois ben, estamos de novo ante unha emenda que empeora a definición das nosas funcións.
- Pero sobre todas as emendas presentadas, a máis daniña e sanguenta é a disposición adicional, que é a de aplicación dos **COEFICIENTES REDUTORES**, para a xubilación anticipada do persoal. A actual redacción incorpóranos directamente dentro do **RD 383/2008** o que se vén reclamando desde hai anos, e a nova redacción proposta polo PP o que veñen dicir é que habería que desenvolver un Real Decreto acorde co RD do 2011, cuestión que como todos sabemos, xa



inicio UGT en 2014 e da que se desestimou en 2022 tras tantísimo traballo pola falta de identificación do persoal.

Animamos a todas e todos a revisar as emendas e ver cal é o prexuízo para o actual texto.

Resumindo, unha vez presentadas estas emendas, deben de pasar por debate, por comisión parlamentaria e despois levalas a pleno, e todo isto é un proceso que alonga e se dilata no tempo, coma xa se explicou nos parágrafos anteriores. Como é sabido, o PP ten maioría absolutísima, polo que dilatar as datas para comisión e pleno, é unha auténtica ralentización para os tramites, posto que estas emendas saen aprobadas “si ou si” no Senado (teñen maioría absoluta) regresando modificado o texto ao Congreso.

Podemos chegar a pensar... “Bueno, no Congreso xa se sacou adiante”, e se volve aínda que teña que pasar a votación, esta sería favorable como a outra vez. Pero debemos ser realistas e ter en conta que os equilibrios de forzas políticas actualmente son moi, pero que moi complexos, e que hai partidos que queren facer oposición política e presión utilizando calquera cuestión, incluída a nosa lei. Algo que lles trasladamos a eses partidos que consideramos algo deleznable.

Se chega outra vez ao Congreso, debemos de volver reunirnos (os sindicatos) de novo con todo o arco parlamentario, para buscar o apoio e equilibrio de 178/172 co que saíu adiante a última votación, co apoio de todos os grupos políticos. Desta maneira, todo este proceso atrasa e dilata no tempo aínda máis.

De todo o anterior, a importancia de que non se introduzan a emendas polas cuestións xa mencionadas son que empobrecen o texto, rompendo equilibrios que se fixeron para chegar a ese texto e a segunda é que atrasan de excesivamente ampla a súa publicación. Senón houberse emendas, pode ser aprobada esta semana en pleno ou a seguinte, tardan un día ou dous en mandalo ao Congreso e ao día seguinte xa estaría publicado no BOE, podendo ter a primeira quincena de outubro a lei promulgada.

Lamentablemente esta é a situación a día de hoxe e con todo isto esperamos poñervos en situación.

